

# A NOSA VOZ

Revista informativa da Diocese de Lugo

Febreiro 2003


Nº 40. III EPOCA

## A forza da oración

*Vivimos nunha sociedade onde se valoran tódalas cousas pola súa utilidade. Miramos a eficacia, a produción, a actividade... Todo se pode medir, pesar e tasar en cartos. Pero cando toca falar de realidades inmateriais esta análise fáisenos máis complicada, sen que iso lle reste importancia a estas realidades para a nosa vida.*

*Falar de amor, de beleza, de verdade, é algo abstracto, pero máis importante para as nosas vidas que os bens materiais. E tamén é importante para a nosa vida a dimensión transcendental da persoa, a espiritualidade, que tampouco se poden medir.*

*Este mesmo modo de razonar aplicámolo tamén cando falamos da vida relixiosa. Podemos entender dalgún xeito as persoas que se consagran a Deus exercendo labores de axuda en países de misión, hospitais, escolas ou en obras benéficas. Pero no caso dos que elixen unha vida de clausura preguntámonos: ¿De que serve unha persoa que elixe consagra-la súa vida a Deus encerrándose entre catro paredes?, ¿non sería mellor que se fose a una país de misión, que sería de máis utilidade? Na nosa Diocese continúa habendo mozos e mozas que elixen o camiño da vida relixiosa. Na xornada de oración polos que optan consagrarse a Deus preguntámonos por que tomaron esta decisión e qué aportan á Igrexa con iso.*



## 2 de febreiro: Xornada da Vida Consagrada

### S U M A R I O

#### Actualidade:



Campaña contra a fame no mundo

Páx. 7

#### Reportaxe:



A presenza relixiosa na nosa Diocese é similar ó número de sacerdotes en activo.

Páx. 4-5

#### Pastoral:



As novas tecnoloxías da información xogan un papel moi importante na difusión do Evanxelo hoxe.

Páx. 7

## A fe abre horizontes

Acabamos de empezar un novo ano. As novas que con el chegan ós nosos receptores non animan, certamente, á esperanza. Escoitando e lendo os medios de comunicación non é difícil concluír que a herdanza que nos deixou o ano 2002 é máis ben negativa: a catástrofe do Prestige, as ameazas de guerra, o drama da fame, etc. Nesta situación un chega a preguntarse ¿seremos tan malos os humanos como para non ser capaces de enxendrar vida e esperanza ó noso redor? Ou é que ¿somos máis sensibles e polo tanto deixámonos levar con maior facilidade polos efectos do noso egoísmo, da nosa prepotencia, da nosa envexa, do noso afán de ser e ter máis ca os demais?

Empezar un novo ano é de por sí unha boa nova. Ofrécesenos a fermosa posibilidade de encher de vida cada un dos 365 días. Dependerá, en gran medida, de cada un de nós. Por outra parte, se non o facemos ou polo menos non o intentamos, ¿como poderemos esixirilles ós demais que o fagan? E tratándose de cristiáns ¿onde estaría a nosa colaboración co Deus creador?

Tarefa difícil pero non imposible. Contamos coa eficaz e gratificante axuda da Fe. Certo que ésta non nos resolve os problemas nin nos evita as dificultades, pero ábrenos horizontes. Desde aquí sentímo-

nos estimulados e con forza para non deternos só no presente, para non caer na tentación de vivir prisioneiros do pasado. A fe lévanos a poñer a nosa ollada no futuro acoillendo e aproveitando tódalas posibilidades que brotan da realidade presente. A fe tenos que levar a vivir con confianza e con paixón o xa pero aínda non da presenza do Reino.

Vivi-la fe dunha forma personalizada axudaranos a descubri-lo positivo da vida, das persoas e dos acontecementos. Esta maneira de ser e de vivir facilita a esperanza, axuda tamén a abrir o horizonte, elimina obstáculos, abre camiños a situacións desesperanzadas.

A reflexión de Antón Negro sobre o Prestige desde a Doctrina Social da Igrexa, a rica realidade da Vida Consagrada recollida nas páxinas centrais, os milleiros de persoas que traballan e se solidarizan contra a fame no mundo, as persoas que dedican as súas vidas a acompañar ós máis desgraciados, como son as persoas discapacitadas, etc... Son exemplos concretos da realización do Reino aquí na terra. Son expresión evidente de que a promesa de Deus comenza a realizarse aquí neste mundo. Son os froitos da fe en Cristo resucitado que é capaz de ir transformando a realidade na que vivimos.



### A NOSA VOZ

*Revista de información diocesana*

DIRECTOR: Miguel Gómez  
 CONSELLO DE REDACCIÓN: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, M<sup>º</sup> José Campo, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.  
 ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.  
 EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.  
 DIRECCIÓN: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.  
 Teléfono: 982 23 11 43  
 Teléfono-Fax: 982 25 15 93  
 E-mail: obispadodelugo@telefonica.net

#### A NOSA VOZ


DEPOSITO LEGAL: 649.

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Industrial O Ceao.

### AXENDA

#### FEBREIRO

- Día 1:** Xornada pola Paz en Lugo e Monforte, organizada por Arela e Xomaco
- Día 2:** Xornada da Vida Consagrada. Con tal motivo o Bispo da Diocese preside a Eucaristía na Catedral ás 8 da tarde
- Días 4-6:** Xornadas de Teoloxía en Lugo
- Día 4:** Festa do Maior organizada polo movemento Vida Ascendente. No Seminario
- Día 9:** Campaña contra a Fame no mundo
- Día 11:** Xornada Mundial do Enfermo. Asemblea anual de Hospitalidade de Lourdes
- Días 14-16:** Xuntanza de animadores de Pastoral Xuvenil en Santiago
- Día 22:** Xornada de formación e preparación para a Coresma, Semana Santa e Pascua. No Seminario de 9'30 a 1'30
- Día 23:** Retiro de preparación á Coresma para relixiosas/relixiosos. Dirixe Frei Xosé Gómez, Bispo da Diocese.
- Días 26-28:** Frei Xosé Gómez participa en Madrid na reunión da Comisión Episcopal de Medios de Comunicación Social



# Cáritas

**Traballemos  
pola xustiza.**